

## Curso 2023-2024

# Reclamacións ás cualificacións de 2º de Bacharelato e/ou pendentes de 1º

## Convocatoria Ordinaria

Conforme Instrución 10/2023 da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa pola que se establecen para o curso 2023/24 os prazos e o procedemento para as reclamacións das cualificacións finais no segundo curso de bacharelato ou da decisión de titulación nesta etapa educativa, as reclamacións ás cualificacións de 2º de Bacharelato e/ou pendentes de 1º presentaranse de acordo co seguinte procedemento e calendario:

1. Os boletíns coas cualificacións de segundo de bacharelato serán entregados polos titores ou titoras o día 16 de maio, ás 10.30 h. (réxime ordinario) e ás 17.00 h. (adultos).
2. Antes de presentar unha reclamación formal, recoméndase que o/a alumno/a desconforme coa cualificación obtida, ou os/as seus/súas titores legais, consulte previamente a motivación da mesma co profesor ou profesora da materia correspondente.
3. O/A alumno/a (ou os/as seus/súas titores legais) que non estiver de acordo coas explicacións recibidas polo profesor ou profesora da materia poderá presentar nas oficinas do instituto (en horario de 9.00 a 14.00 h.) unha instancia dirixida á Dirección do centro, solicitando que o Departamento correspondente revise a súa cualificación. O prazo para a presentación da instancia comprenderá os días 20 e 21 de maio entre as 9.00 e as 14:00 horas.
4. O alumnado que solicite que o Departamento revise a súa cualificación, recollerá a resolución correspondente o día 22 de maio, de 18.00 a 20.00h, nas oficinas do instituto.
5. De non estar conforme coa resolución do Departamento, poderá solicitar que a dirección do centro remita o expediente de reclamación á Xefatura Territorial, presentando unha nova instancia nas oficinas os días 23 e 24 de maio, entre as 9.00 e 14.00 h.

**NOTA IMPORTANTE:** Non se terán en conta aquelas instancias que non estean baseadas nos criterios establecidos na circular arriba indicada.

Santiago, a 06 de maio de 2024

Roberto Rodríguez Carballada,  
Director do IES A. Xelmírez I,